

A campaña de Nadal de Asetem-Cca repartirá 13.000 euros en premios

MELIDE

Un grupo de hostaleiros estuda asumir o custo do servizo de Noitebús P12

COMARCA

Comezan os traballos de arranxo do vial que une Melide e Ribadulla P14

CULTURA

Gran éxito de público na XXI edición da Semana da Música P17

ENTREVISTA



**Ana Mirás,
Panadería
Toques**

“A nosa especialidade son os postres típicos de tempada” P23



Asetem-Cca pon en marcha a habitual campaña de Nadal do comercio de Melide. Este ano repartiranse uns 13.000 euros en premios, tanto en metálico como en forma de agasallos cedidos polos establecementos

participantes. A promoción, na que participan uns 100 comercios é a primeira dende a unión das dúas asociacións empresariais da vila. O sorteo dos premios metálicos celebrarase o 10 de xaneiro P3

Éxito da promoción da FGC para o comercio melidense



Repartíronse máis de 12.400 rifas, correspondentes a outras tantas compras, que deixaron nos establecementos comerciais da vila uns 350.000 euros P4

Comezan as obras do vial que une Melide e Ribadulla



Tras vinte anos de espera, o pasado mes de novembro iniciouse a sinalización dos terreos que se expropiarán para a mellora do vial Melide-Ribadulla P14

Editorial

Avances

Avances. Esta palabra resume a evolución de Asetem-Cca ó longo deste ano. Non sabemos se, como pediamos no último editorial do 2009, este foi un ano 10 para todos, pero en Asetem-Cca superamos holgadamente o aprobado.

Loitamos contra a resignación xeral que invade a sociedade debido á crise. Puxemos toda a nosa vontade e as nosas gañas de traballar para conseguir máis e mellores servizos para os asociados. Poderíamos pensar que esta é a nosa meta, pero nada máis lonxe da realidade, xa que é o noso camiño. Un obxectivo permanente, que temos presente de xeito constante.

Botando a vista atrás, o logro máis relevante que queremos destacar do 2010 é a unión das dúas asociacións empresariais de Melide, mediante a integración dos socios de Vila de Melide en Asetem-Cca. Aconteceu no mes de maio, despois dun proceso de negociación e colaboración que levou ás dúas partes implicadas a tomar “a mellor decisión que se puido haber tomado”. Esa foi a opinión máis repetida entre os asociados. Por iso cremos que o 2010 marca un punto de inflexión na historia de Asetem.

Seguimos realizando diversas actividades xa habituais e outras máis novidasas, como foron os concursos de tapas celebrados en xuño e novembro, que tiveron moi boa acollida entre o público.

No ámbito dos servizos, cremos que se produciu un impor-



tante avance ó darlle a posibilidade ós asociados de xestionar de xeito gratuíto todas aquelas axudas e subvencións que desexen solicitar.

Neste ano que remata, incrementouse en gran medida o número de socios, o que permitiu reunir tódolos requisitos para figurar na categoría de Centro Comercial Aberto e así optar a máis axudas e conseguir que a nosa voz teña máis forza.

Este editorial entona a despedida para este 2010. Como cada ano, esperamos que os vindeiros 365 días sexan, como mínimo, mellores que os últimos. Mais aínda queda por diante o Nadal, esa época tan agardada por comerciantes e empresarios. Para

fomentar as compras no comercio local e premiar a fidelidade dos clientes, Asetem-Cca mantén a súa tradicional campaña de Nadal. A asociación apostou por manter a contía da maioría dos premios metálicos. Unha aposta forte de cara ós vindeiros meses.

Dende estas liñas animámoslos a participar na campaña e desexámoslle sorte para acadar algún dos premios. Agardamos que sexan para vostedes unhas Felices Festas e expresámoslle os nosos mellores desexos para o ano que comeza.

Asetem-Cca non se resignará a deixar de traballar no vindeiro ano, seguindo a senda comezada neste 2010. Seguiremos poñendo todo o noso empeño en mellorar.

Tribuna de opinión

Pola inclusión social

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A loita pola inclusión social de persoas con diversidade funcional ou con capacidades distintas das que a sociedade califica erroneamente de “normais” é un deber de todos. Deben implicarse as Administracións públicas e o sector privado. Así o entendemos dende Asetem-Cca.

A patronal melidense recibiu recentemente o recoñecemento oficial da Xunta de Galicia como entidade implicada a prol da inclusión social de persoas con discapacidade, debido á colaboración con diversas entidades no ámbito da formación profesional deste colectivo.

Alégranos saber que os nosos valores son compartidos polos nosos socios, xa que tamén foi recoñecido o traballo de varias das empresas asociadas.

Todos coñecemos a persoas que teñen discapacidades físicas ou psíquicas e sabemos que teñen unha valiosa forza de vontade

para desenvolverse na súa vida cotiá. Temos que tomalos como referencia do espírito de superación máis real e palpable que pode existir e non minusvalorar as súas capacidades para desempeñar calquera traballo.

Non podemos ver o feito de ter unhas capacidades distintas ás da maioría da poboación como algo lonxano, xa que podemos estar nesa situación en calquera momento da nosa vida. Un simple accidente laboral ou de tráfico ou unha enfermidade poden transformar drasticamente as nosas capacidades.

Hai que pensar que a sociedade debe aprender destas persoas que, ó ver o mundo dende unha óptica diferente á da maioría, enriquecéonos a todos. Porque as persoas con discapacidade teñen todo o dereito a traballar nun posto de emprego digno, que lles permita desenvolverse tanto laboral como persoalmente.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’

AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norpremsa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓNS.....	20
-AXENDA.....	22
-ENTREVISTA.....	23

13.000 euros en premios para este Nadal

Participan uns
100 comercios
asociados

Sortearanse
agasallos a través
de Radio Melide

A extracción
de rifas será o
10 de xaneiro

A chegada do mes de decembro significa en Melide o comezo da campaña 'Este Nadal toca en Melide', que tódolos anos pon en marcha Asetem-Cca para o comercio local. Este ano repartiranse uns 13.000 euros entre os clientes dos establecementos da vila, en forma de premios metálicos e agasallos.

Trátase da primeira promoción de Nadal trala unión das dúas asociacións empresariais da vila, que o ano pasado xa realizaran a primeira campaña conxunta no comercio local.

Este ano son máis de 100 os negocios que participan. Nesta ocasión a promoción é exclusiva para os asociados de Asetem-Cca. 'Este Nadal toca en Melide', comezou o día 1 de decembro e rematará o próximo 10 de xaneiro de 2010, luns. Esa mesma xornada, ás 21.00 horas realizárase a extracción dos boletos premiados ante notario, mediante o sistema de man inocente. Será na sede de Asetem-Cca, na rúa Lino Sexto Sánchez de Melide.



Máis de 100 comercios de Melide xa entregan rifas ós seus clientes

25 grandes premios

Dos 13.000 euros totais que se repartirán, 7.750 serán repartidos en 25 grandes premios. O maior deles será de 3.000 euros, haberá outro premio de 1.000 euros, tres por valor de 250 euros, dez de 200 euros e outros dez por importe de 100 euros.

Como é habitual, para cada premio extraeranse dous boletos, un oficial e outro de reserva. As persoas que dispoñan dun boleto premiado, incluídos os que teñan un número de reserva, terán de prazo ata o próximo 25 de xaneiro -martes- ás 13.00 horas para presentar a rifa nas oficinas de Asetem-Cca.

A lista dos números gañadores darase a coñecer neste xornal, así como a través doutros medios de comunicación e nos propios establecementos par-

ticipantes na promoción.

Favorecer as compras

A campaña busca potenciar as compras nos negocios da vila, nunhas datas que supoñen as de maiores ingresos para moitos comercios. Do mesmo xeito, tamén se quere premiar a fidelidade dos clientes, cuxos premios volverán revertir nas tendas da localidade.

A patronal melidense aposta por darlle maior pulo a este sector, que se está convertendo na actividade de referencia na economía da comarca.

A campaña complétase con outra promoción a través de Radio Melide, onde se sortearán diversos artigos cedidos polos establecementos.

Establecementos participantes

- | | | |
|-------------------------|---------------------------|---------------------------|
| • Aceiteiro | • Establecimientos | • Muxica-Tenda Xoven |
| • Andón Zapatería | El Mueble | • O Sapo Lambón |
| • Aprende Academia | • Estación de Servizo | • Óptica Abal |
| • Autorecambios Angel | Corredoiras | • Ortosauíde |
| • Bambi | • Estación de Servizo | • Panadería Tahona |
| • Berencello | O Rañado | • Panadería Toques |
| • Bodegas Curros | • Eurocadena | • Parrillada O Carburro |
| • Bodegas Mejuto | • Expert-Melide | • Parrillada Rúa |
| • Bodegón Celta | • Fisio-Vida | • Pazo de Edián |
| • Café Chaplin | • Floristería Chelo | • Peluquería Santín & Amo |
| • Cafetería Ivory | • Floristería Maru | • Per lei |
| • Cafetería MJ | • Floristería Tarrío | • Perfumería Lyss |
| • Cafetería Marta | • Froitas León | • Pescados Abel |
| • Cafetería Ruada | • Frutas Gallego e Hijos | • Pescados e Mariscos |
| • Cafetería Trinidad | • Frutas Nati | Manolo |
| • Calitex | • Hotel Carlos 96 | • Pizzería Xoldra |
| • Carnicería Penas | • Imaxina | • Pulpería Alongos |
| • Carnicería Mella | • Imprenta Meligraf | • Pulpería Ezequiel |
| • Casa Alongos | • Inpugal | • Pulpería Mosquera |
| • Casa das Luces | • Iris Melide | • Q me compro |
| • Casa Juanito | • Joyería Oro Ley | • Ramón Cabado |
| • Casa Santos | • Joyería Silvela | • Ramón Pampón Bango |
| • CC Xestión | • Joyería Roval | • Ribeirao |
| • Centro Comercial Ares | • Lácteos Terra de Melide | • Rural Tec |
| • Cociñas M. Buján | • Larpeiradas | • Sanoguera Fotografía |
| • Comercial Pampín | • Leiva Motosport | • Seguros Bilbao |
| • Confecciones Cardigan | • Librería Cousas | • Silvia Novias |
| • Decoré | • Librería Victorio | • Skala Peluqueros |
| • Deportes López | • M&M Moda | • Socied. Coop. Melisanto |
| • Estanco Angarela | • Marvi | • Supermercado Vilasoa |
| • Electricidade Vilela | • Melimática | • Supermercados García |
| • Electrotel 2000 | • Mobles Ares | • Supermercados Gómez |
| • Escayolas Sito | • Modas Dándolo | • Toño Peluqueros |
| • Espect. Ángel Seoane | • Modas Manuel | • Xebre |
| • Espomasa Poliuretanos | • Muebles Paula | • Xiganet |
| | • Multiprecio Cousas | • Zapatería Tanuska |

ASETEM-CCA deséxalle
Felices Festas e
Próspero Aninovo

A promoción da FGC para o comercio local repartiu premios por valor de 2.700 euros

Contabilizáronse máis de 12.400 compras en dez días de campaña

O valor total das vendas realizadas suma máis de 350.000 euros, segundo a FGC



Ducias de persoas abarrotaron a carpa durante o sorteo



A cantante Lucía Pérez interpretou cancións do seu novo disco

O pasado 27 de novembro, Melide viviu unha auténtica xornada de festa co peche da campaña 'As compras na túa vila teñen premio', organizada pola Federación Galega de Comercio e coa colaboración de Asetem-Cca.

A promoción tivo moi boa acollida entre os melidenses, xa que se repartiron máis de 12.400 boletos nos dez días que durou a campaña, que se corresponden co mesmo número de compras nos establecementos da vila. Segundo os datos que facilitou o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, o volume de negocio do comercio de Melide nestas dúas semanas superou os 350.000 euros, algo que calificou de "éxito total".

Os consumidores viron recompensada a súa fidelidade ó comercio local no sorteo de 26 vales de compra, 24 deles de 100 euros e dous de 300. No sorteo final, que congregou a ducias de persoas na Praza do Convento, repartíronse un

total 2.700 euros. Tan só quedaron desertos tres premios de 100 euros ó non aparecer o gañador.

No acto estiveron presentes a xerente do Instituto Galego de Consumo, María Jesús Muñoz, o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, o presidente da Federación de Comercio da Coruña, Miguel Agromayor e a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, a presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, a presidenta da comisión de Comercio, Rosa Cabado, representantes de Caixa Galicia -entidade que patrocina a campaña- e a concelleira de Benestar, Casé Rodríguez.

Sonia Valiño reivindicou a importancia de mercar no comercio melidense. "Coa crise que atravesamos é moi importante facer as nosas compras en Melide, non nas grandes áreas comerciais de fóra. É moi importante que os nosos cartos queden aquí, porque así beneficiámonos todos". Valiño agradeceu á Federación Ga-

lega de Comercio ter escollido a Melide entre as oito vilas galegas que contaron con esta promoción.

Estas ideas foron ratificadas pola xerente do Instituto Galego de Consumo, que afirmou que "é o comercio de proximidade o que dinamiza as vilas e fai que teñan vida", algo que tamén quixo resaltar no seu discurso a rexedora melidense.

Xornada lúdica

Ó longo da xornada desenvóléronse numerosas actividades lúdicas, destinadas a maioría delas para o público infantil. Dende a mañá, os máis pequenos gozaron dun desfile de zancudos e malabaristas e dun espectáculo con pallasos, e xa pola tarde presenciaron os trucos de maxia do mago Rey Midas.

A nota musical puxérona os concertos da melidense Patricia Méndez e da cantante do Incio (Lugo) Lucía Pérez, que interpretou temas do seu novo disco 'Dígocho en galego'.



Os nenos gozaron de actividades programadas para eles

M&M
MODA

Ronda de A Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 94 24 15

JEANS
Incomur
Since 1880
ICM
Cases Sport
Demarcha

IMPRENTA
eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Guía de hostelería



Platos combinados
Desayunos
Pastas - Potajes
Postres

Cantón de San Roque - MELIDE

BAR AVENIDA

Ambiente familiar
Campeonato de tute
tódolos domingos e festivos
Comida caseira por encarga
callos - tortillas - lacóns

Tfnos: 981 50 73 58 - 698 12 14 94
Praza das Universidades,1 - Melide



Bocadillos • Sandwiches
Hamburguesas • Platos combinados
Tablas de embutidos y quesos

Tfnos: 981 34 29 85 - Bar Galea - 15800 MELIDE (A Coruña)

A FUNDACIÓN BOWLING



MELIDE - OCIO

Tfnos: 981 50 29 23 - Avda. Roque e Froil, 23 - 15800 MELIDE (A Coruña) - www.afundacion.com



Bocadillos - Hamburguesas - Sandwiches

Tfnos: 981 51 52 24 - Avenida Eiroa, 22 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Café-bar Cantón

Tfnos: 981 50 55 69
Mateo Segade Bugueiro, 29
15800 MELIDE (A Coruña)

DISTRIBUCIONES - ULTRAMARINOS



Casa Juanito

100 años de prestigio y calidad

Especialidad en

Pimentón
Bacalao
Jamones e Ibéricos
Legumbres
Vinos
Licores



Gran surtido en Cestas de Navidad, Baúles y Regalos Navideños,
conteniendo productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - Melide Tfnos: 981505103

Os transportistas reciben información sobre os requisitos para exercer a súa profesión

Asetem dará un resumo actualizado ós interesados

Transportistas e condutores en xeral asistiron a unha charla programada por Asetem-Cca onde coñeceron as últimas novidades sobre as esixencias necesarias para exercer a súa profesión, ademais dos cambios recentes na normativa de Tráfico.

O director da Autoescola Agra, Ignacio García, indicou que o cambio de requisitos para a habilitación de condutores profesionais pasa pola obtención obrigatoria do Certificado de Aptitude Profesional (CAP). Distinguiu entre os condutores que accedan por primeira vez á profesión, que deben realizar un curso de cualificación inicial, e os que



Os transportistas de viaxeiros e persoas deberán obter o CAP

teñan o carné dende hai máis de dous anos, que deberán asistir a xornadas de formación continua.

García alertou da picaresca xerada no sector pola falta de información, que está a ser utilizada polos centros formativos no seu proveito, xa que dependendo do último nú-

mero do DNI, o profesional pode ter de prazo ata o 2015 ou 2016 para asistir ó curso de formación continua, que deberá renovar cada cinco anos.

Unicamente se poderá obter o CAP a través da formación recibida en autoescolas autorizadas, que deben contar con profesores especializados en

distintas materias. A Dirección Xeral de Mobilidade mantén un estrito control e seguimento dos centros que imparten este tipo de formación, que é de asistencia obrigatoria para os alumnos.

Asetem-Cca dispón de toda a información aportada na sesión, que facilitará a tódolos interesados.

García tamén resolveu dúbidas plantexadas dende o público sobre o tacógrafo dixital.

Carné por puntos

Noutra parte da charla, destinada ós condutores en xeral, García informou sobre os procesos e os prazos para a recuperación de puntos do carné. Recomendou a tódolos condutores que perdan varios puntos que non corran o risco de esgotar o crédito, posto que supoñería a retirada do carné por seis, ter que facer un curso e aprobar o correspondente exame.

Asetem repartirá bolsas ó comercio asociado

De cara ás próximas datas de Nadal, Asetem-Cca terá dispoñibles bolsas de papel para o comercio asociado. Este servizo, que leva prestando a patronal melidense dende hai varios anos, é totalmente gratuito para os socios.

Nesta ocasión optouse por renovar o deseño antigo, polo que este ano as bolsas serán iguais para tódolas tendas. Deste xeito, refórzase a imaxe de unidade entre tódolos establecementos que compoñen o centro comercial aberto. Nelas figurará o lema 'Mercar en Melide, todo un acerto'.

Repartiranse lotes de bolsas de tres tamaños diferentes. Os interesados poderán pasar a recollelas pola sede de Asetem-Cca, na rúa Lino Sexto Sánchez, 2, de Melide.



**ANÚNCIATE NO
CERNE**
**O xornal da
Terra de Melide**
663687322
981506188
info@asetem.com


RESTAURANTE
Rua do Convento nº 7
Melide
15800
TEL 981 505 325
casaquinzan@gmail.com



MELIMATICA
A TUA TENDA DE INFORMÁTICA

Asistencia técnica a empresas e particulares
Venta e reparación. Servicio técnico propio
Servicio técnico a domicilio
Imaxe e Sonido, Telefonía
Mantenimiento de redes
Recuperación de datos
Cursos de informática...

C/ Otero Pedrayo 6 Bajo, Melide - 15800 (A Coruña)
Tfno/Fax: 981 507 881 - www.melimatica.com
melimaticas@melimatica.com - info@melimaticas.com



calitex
paquetería - tejidos
cortinas

Tfno.: 981 50 51 54
Rúa Galicia, 4, bajo - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 982 37 78 10
C/ Benigno Vázquez, 21 - MONTERROSO (Lugo)



CIDERTRONIC
A tua tenda de informática on line

Samsung GALAXY Tab GT-P1000
por so 763.80

entra en:
www.cidertronic.es




Manuel Buján
Cocinas y Baños

MUEBLES DE BAÑO
ARMARIOS EMPOTRADOS
PUERTAS - TARIMAS
ESCALERAS - CARPINTERÍA INTERIOR

Tfno.: 981 507 421 - 981 508 084
Web: www.manuelbujan.es - E-mail: manuelbujan@telefonica.net
Avda. de Lugo, 99 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Las mejores marcas
a los mejores precios




Calzados
CONDE

Tfno: 981 50 78 38
Rda. da Coruña, 24

15800 MELIDE
(A Coruña)



INPUGAL
Integral de Publicidad Gráfica, S.L.

RECLAMO PUBLICITARIO carteles, pósters, subvenciones...	ROTULACIÓN vehículos, escaparates...
AGASALLO DE EMPRESA folios, mandados, pases...	IMPRESIÓN GRAN FORMATO tarjetas, invitaciones, adhesivos...
AGASALLO PERSONALIZADO tarjetas, pases, pólizas...	IMPRESIÓN tarjetas, cartitas, pólizas...
VESTUARIO LABORAL fundas, pelus, chalecos...	RETOSQUE FOTOGRÁFICO restauración, coloreado...

Ronda de Pontevedra, 107 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 50 76 47 - Fax: 981 50 79 45 • info@inpugal.com - www.inpugal.com

TRISCOS
Moda Xoven

C/ San Pedro, 20 Melide (A CORUÑA)
Tel. 981 50 70 11

Arteixo - Betanzos
Melide - Monterroso

DISTRIBUCIONES



Ribeirac, S.L.

Almacén:
Tfno.: 981 50 50 18
Avda. de Lugo, s/n
15800 MELIDE (A Coruña)

Oficina:
Tfno.: 981 50 71 88
C/ General Franco, 12
15800 MELIDE (A Coruña)

Alfonso
Modas

Tfno: 981 50 54 28 - Rúa Vitor Segade Raposo, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)




Andón
ZAPATERÍA

Tfno.: 982 377 802 • Avda. de Lugo, 47 - 27560 MONTERROSO (Lugo)
Tfno.: 981 507 894 • Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE (A Coruña)



BAMBI
Moda Infantil

C/ Rosaleda, nº 5 • Tel.: 981 507 536 • MELIDE



ZADEIROS
ESTUDIO TECNICO DE LA COCINA

Presupueste su cocina
Presupueste sus electrodomésticos
Financiación a su medida

Tfno.: 981 505 330
Rúa de Ovado, 8, baixo - MELIDE

...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Axudas do IGAPE a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóviles con desmantelamento de automóviles antigos, para o ano 2010 (PLAN REMÓVETE GALICIA)

(DOG nº 147, do 3 de Agosto de 2010)

Requisitos, entre outros:

a) Adquirir un vehículo M1 novo ou matriculado en Galicia con menos de dous anos, pouco contaminante e custo non superior a 30.000 €.
b) Ou ben un vehículo comercial lixeiro N1 novo ou matriculado en Galicia con menos de dous anos, con MMA < 3,5 Tm, pouco contaminante e custo non superior a 30.000 €.

c) Entregar para achatarramento un vehículo con 10 anos ou máis de 250.000 kms.

d) Que as operacións de compravenda de vehículos se efectúe nunha entidade colaboradora.

Contías: Ata 1.500 euros

Prazo: Ata o 15 de Decembro de 2010 ou esgotamento do orzamento.

2. PLAN RENOVE FIESTRAS, ano 2010 (DOG nº 214, do 8 de Novembro de 2010)

Actuacións subvencionables:

Renovación de fiestras que separen estancias calefactadas do exterior por novas fiestras (tamén portas balcaneiras), coas seguintes especificacións técnicas:

- Marcado CE

- Carpintería de Madeira ou PVC, con dobre acristalamento con cámara 12mm ou superior; ou ben, con cámara de 6mm ou superior e con cristal exterior baixo emisivo ($\leq 0,1$)

- Carpintería Metálica con rotura ponte térmica 12mm ou superior, con dobre acristalamento, cámara de 6mm ou superior e cristal exterior baixo emisivo ($\leq 0,1$)

- Dispoñer de persiana, contra ou cortinón opaco.

- As únicas portas subvencionables son as balcaneiras, que dan a un balcón ou terraza pechados.

Beneficiarios: Persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, propietarios de vivendas ou edificios do sector terciario e Comunidades de Veciños.

Contía: Máximo 100 €/m², co límite de 5.000 € (vivenda unifamiliar) e 100.000 € (edificio do sector terciario). A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do custo total da obra.

Prazo: Ata o 29 de Outubro de 2011 ou esgota-

mento do crédito.

3. Axudas do IGAPE para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiadas con fondos do ICO ao amparo de determinadas liñas ICO 2010.

(DOG nº 230 do 30 de novembro de 2010)

Obxecto.- Subsidación dos tipos de xuro no financiamento obtido, baixo a modalidade de préstamo, mediante algunha das seguintes liñas ICO 2010:

- 1.- Liña ICO – Economía Sustentable
- 2.- Liña ICO – Investimento
- 3.- Liña ICO – Internacional
- 4.- Liña ICO – Emprendedores

Beneficiarios: Autónomos, microempresas e pemes calquera que fose a súa forma xurídica (con algunhas salvedades para a Liña ICO Emprendedores), que formalizasen operacións de préstamo con cargo a algunha das liñas citadas por importe igual ou superior a 25.000 €.

Proxectos subencionables: activos fixos, turismos cun prezo máximo de 24.000 €, adquisición de empresas, gastos de constitución (liña emprendedores), activo circulante ligado ao investimento (liña internacional).

Axuda do IGAPE:

.- Subsidación do tipo de xuro entre 0,75 e 2,65 puntos porcentuais

.- Custo do aval financeiro de Sociedades de Garantía Recíproca.

Prazo: Ata o 21 de Xaneiro de 2011

4. O IGVS (Instituto Galego de Vivenda e Solo) convoca 10 bolsas de formación e especialización en materia de vivenda.

(DOG nº 231, do 1 de decembro de 2010)

Requisitos candidatos:

.- Ter rematados estudos de arquitecto/a, arquitecto/a técnico/a, ou licenciado/a en ADE, economía ou dereito nos anos 2008, 2009 ou 2010 e ter aboadas as taxas para expedición do título oficial.

.- Acreditar coñecemento de lingua galega con nivel de perfeccionamento ou equivalente.

.- Non ter desfrutado doutra bolsa do IGVS de duración superior a 6 meses.

Dotación económica de cada bolsa, 1.000 € brutos mensuales.

Duración: 12 meses

Prazo solicitude: Ata o 2 de Xaneiro de 2011

Asetem obtén condicións favorables en seguros médicos para asociados

Nas últimas semanas, Asetem-Cca mantivo contactos con varias compañías adicadas á contratación de seguros médicos co obxectivo de poder ofrecer condicións máis vantaxosas os seus asociados neste ámbito.

Deste xeito, as empresas e comercios que desexen contratar un seguro médico privado poderán poñerse en contacto coa asociación para coñecer as condicións que ofreceron firmas como Ades-

las, Sanitas ou *****.

Ademais, Asetem-Cca recorda que os seus socios teñen descontos especiais en servizos como a prevención de riscos laborais ou a adaptación e aplicación da Lei de Protección de Datos.

Neste último ano, a patronal melidense tamén ofrece a posibilidade de que os seus socios xestionen e tramiten de xeito gratuito todas aquelas subvencións que proxectan as distintas Administracións.

Reseña fiscal e laboral

1. Método de estimación obxectiva do IRPF e do IVE 2011 (MÓDULOS) (BOE Nº 289, do 30 de Novembro do 2010)

Prazo de renuncia: ata o 31 de Decembro de 2010 ou presentando o primeiro trimestre según os modelos de estimación directa.

Redución no 2011 do 5% do rendemento neto de módulos.

2. Notificacións e comunicacións administrativas obrigatorias por medios electrónicos en AEAT (BOE Nº 277, do 16 de Novembro do 2010)

A partir do 1 de Xaneiro do 2011, as Sociedades Anónimas e Sociedades de Responsabilidade Limitada (entre outras), estarán obrigadas a recibir as notificacións e comunicacións administrativas da AEAT por medios electrónicos.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria notificará ós suxeitos obrigados a inclusión no sistema de dirección electrónica habilitada.

Para xestionar estas notificacións será necesario ter unha firma electrónica ou ben outorgar un poder a unha persoa que o posea para que esta poida recibir no seu lugar as comunicacións.

Cabe destacar que desta forma as comunicacións enténdense sempre recibidas polo que hai que estar pendente de consultar a miúdo a dirección electrónica habilitada.

3. Medidas tributarias no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias. (DOGA Nº 219, do 15 de Novembro do 2010)

a) O tipo de gravamen aplicado nos documentos notariais ou na constitución de préstamos hipotecarios para a adquisición de primeira vivenda habitual será do 0,50%.

Requisitos: O patrimonio dos membros das unidades familiares que constitua a vivenda habitual non debe superar os 250.000€ no primeiro membro e 30.000€ adicionais por cada membro que exceda ó primeiro.

b) O tipo de gravamen aplicado no imposto de transmisións patrimoniais onerosas na adquisición de vivenda que vaia ser obxecto de rehabilitación será do 6%

Requisitos: As obras débense realizar en menos de 36 meses e despois hai que presentar en 30 días a licenza de obras e as facturas na Administración tributaria.

c) O imposto de actos xurídicos documentados terá unha dedución do 100% da cota sempre que se constituía un préstamo hipotecario destinado á cancelación doutro préstamo hipotecario que fose destinado á compra de vivenda habitual.

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Berencello
Rúa do Convento, 2
661815976
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505104
Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa Alongos
Avda. de Lugo, 22
981506392
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones
Cardigan
Convento, 20
981505110
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribuciones
Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Estanco Angarela
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876

Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Froitas León
Progreso, 24
619469453
Frutas Gallego e
Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Rosaleda, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564
Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981507377
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031

Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Multiprecio Cousas
Novoa Santos, 25
981507474
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosáude
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra,45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa
Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027

Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Orois
Codeseira, Melide
981507374
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300

Revestimientos
Rifer

Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981505587

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981505482

MEDIOS DE
COMUNICA-
CIÓN

Dez TV
C/B, 27, Lalín
986787036

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Mª Jesús Iglesias
Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608
OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Peluquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650436375
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Veterinaria Mónica
Blanco
Mateo S. Bugueiro,11
629507958
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen
Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818

Impunes os responsables do verquido no río Catasol

A asociación de troiteiros amosou a súa indignación polo fallo xudicial, que non admite recurso



Miles de troitas morreron a causa do verquido de purín no río Catasol

Un erro na valoración das probas permitiu a absolución dos dous responsables do verquido de purín no río Catasol en setembro de 2007. A ausencia dos técnicos de Medio Ambiente no xuízo oral para ratificar o informe elaborado a partir das probas recollidas polos propios axentes da consellería, fixo que o xuíz non considerara este documento como proba, senón como dilixencia da investigación.

“Dado que no puede acreditarse la peligrosidad del vertido realizado -debido á ausencia doutras probas que así o constataran- procede absolver libremente a los acusados”, indica a sentenza. O informe reflexaba a existencia dunha concentración de osíxeno disolto moi inferior ós 6 miligramos por litro esixidos

para garantir a vida da fauna fluvial.

Deste xeito, máis de tres anos despois do suceso, a Audiencia Provincial da Coruña deixou impunes dun delito contra os recursos naturais e o medio ambiente ós veciños de Melide Manuel Ríos Roibás e Javier Varela Galego.

A pesar da absolución, a sentenza considera probado a existencia do verquido, que matou un total de 2.643 troitas, unha anguía e varios animais anfibios.

Indignación

Dende a Asociación de Troiteiros Río Furelos, colectivo que axudou nas labores de recollida dos animais mortos, amosáronse indignados polo fallo e cuestionaron a actuación dos especialistas. “Sendo

traballadores ou funcionarios públicos, poden eludir impunemente as súas obrigas?”, pregúntase o presidente dos troiteiros melidenses, Xavier Pazo. Defenden que o xuízo debiera suspenderse ata contar coa presenza dos técnicos de Medio Ambiente. Deste xeito, “un defecto de forma no xuízo deixou impune un flagrante delito que tiña nomes e apelidos”, denuncia Pazo.

Os troiteiros sospeitan que o caso foi “amañado” de xeito extraoficial.

A indignación deste colectivo tamén é para co Concello de Melide, que incumpriu o “compromiso público” de personarse como acusación particular no caso, no que só se presentou como acusación o Ministerio Fiscal, que actuou de oficio.

Nova bronca no pleno a conta da situación económica do Concello

A situación económica do Concello de Melide volveu ser motivo de desensocontro entre o Goberno local e o PP no último pleno. Non obstante, os datos aportados por executivo e oposición non foron clarificadores para o numeroso público que presenciou a sesión agardando o debate dunha moción que finalmente foi retirada.

A voceira dos populares, Ánxeles Vázquez, denunciou que o Concello ten 1.125 facturas sen recoñecer e pagar, cuxo importe ascende a 1,3 millóns de euros, aludindo ós datos do informe trimestral do departamento de Intervención.

Vázquez calificou de “gravísima” a situación das arcas municipais e asegurou que o Concello está en “quebra técnica. Hai empresas ás que se lles deben máis de 300.000 euros”.

A alcaldesa melidense rebatiu os argumentos da voceira popular indicando que o informe de intervención “non está actualizado”, posto que só

presenta a relación de facturas sen pagar ata o 7 de xullo. “Non existen facturas sen pagar anteriores ó 2009 e nos meses de outubro e novembro pagáronse moitas”. Cea explicou que nos últimos dous meses se pagaron algo máis de 400.000 euros, polo que a débeda que ten contraída o Concello do 2009 é de 703.000 euros.

Pola súa banda, o voceiro do PSOE, Manuel Prado, recordou que o actual goberno tivo que asumir un nivel de débeda próximo ó 40%, herdado da época do PP. “Houbo moitas facturas que se rexistraron o víspera de tomar posesión este goberno”, puntualizou.

Aprobado o POS 2011

O grupo de goberno aprobou os proxectos do POS para o vindeiro ano. Arranxaranse varios viais no rural e no casco urbano, cunha inversión superior a 188.000 euros. Outros 160.000 euros irán destinados a sufragar gasto corrente.


Malestar das asociacións pola redución de axudas

Varias asociacións sen ánimo de lucro de Melide amosaron o seu malestar porque o Concello reduciu considerablemente as contías que lles asigna de xeito anual.

As rebaixas aplicadas van dende o 20% ata o 80% de máximo en comparativa coas subvencións de 2009. Incluso hai casos nos que se suprimiu totalmente a axuda concedida.

Dende as asociacións criticaron que o concello lles trasladara a contía das axudas a estas alturas do ano, cando xa teñen os gastos realizados supoñendo a mesma cantidade que percibiran o ano anterior.

Dende o PP melidense denunciaron este feito e reclamaron que o Goberno local explique os criterios que utilizou para aplicar as reducións.



Javier López López - Perito Agrícola

Servicios de la Oficina:
MEDICIÓN DE TERRENOS
DESLINDES Y AMOJONAMIENTOS
INFORMES PERICIALES
PROYECTOS AGRÍCOLAS
PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
VALORACIONES - CATASTRO
CONCENTRACIÓN PARCELARIA
CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc).

Tfno. y Fax: 981 50 54 82 - Tfno. móvil: 639 82 00 24 - Correo electrónico: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fdez. Castro, 6 - 15.800 MELIDE [A Coruña]



**Asociación de
Empresarios
Terra de Melide
Centro Comercial
Aberto**

Inician as obras para remodelar completamente o parque Rosalía

Renovaranse as beirarrúas e os camiños interiores

Conseguir que o parque Rosalía de Castro se convirta no “pulmón de Melide”. É o obxectivo do proxecto de renovación que afecta ó espazo verde situado a carón do Edificio Multiusos melidense.

As obras iniciáronse a comezos de novembro e teñen un prazo de execución de dous meses, polo que deberían estar rematadas para finais de ano. O proxecto conta cun orzamento de 130.000 euros, financiados conxuntamente pola Deputación da Coruña e o Concello de Melide.

A renovación afectará en maior medida á zona axardinada, onde se colocará un novo firme que permita o tránsito de carriños de bebés ou sillas de rodas. Ademais, instalarase un sistema de rego automático na zona verde máis próxima ás pistas de pádel.

Tamén se substituirán as actuais farolas e colocaranse bo-



Traballos na zona arborada próxima ás pistas de pádel

lards luminarios baixos no espazo arborado.

O proxecto inclúe a colocación de bancos, papeleiras e fontes e a reposición das beirarrúas que rodean o parque, que é un dos lugares de ocio máis frecuentados polos melidenses ó contar cun parque in-

fantil, dúas pistas para a práctica de pádel e unha pista multideporte.

O Concello anunciou que nas vindeiras semanas se instalará o primeiro parque biosaudable da vila, que contará con oito aparellos para practicar deporte.

Ricos e melindres triunfan en Madrid

Os ricos e melindres de Melide estiveron entre os 500 produtos gastronómicos galegos que se presentaron na promoción ‘Saborea Galicia’, celebrada en Madrid entre o 12 e o 21 de novembro.

O remodelado mercado de San Miguel da capital estatal acolleu esta feira, organizada por Turgalicia, na que se deron a coñecer as principais referencias culinarias galegas.

A feira foi visitada por máis de 160.000 persoas, segundo os datos da Consellería de Cultura e Turismo.

O presidente da asociación Melide Terra Doce, Alberto Rodríguez, destacou a importancia que ten “que os ricos e melindres formen parte dos produtos selectos que identifican a gastronomía galega e que son un pasaporte turístico para o seu lugar de orixe”.

Novos puntos de recollida selectiva do lixo no rural

As parroquias melidenses de San Martiño das Varelas, Furelos, O Coto, Folladela, A Gareia, Xubial e Maceda contarán nas próximas semanas con cadanseu ecopunto para a recollida selectiva do lixo.

Cada unha destas instalacións conta con catro contedores, nos que se poderán depositar por separado materia orgánica, papel e cartón, vidro e envases lixeiros.

O primeiro ecopunto xa foi instalado en San Martiño. O concelleiro de Medio Ambiente, Manuel Prado, destacou que “continuamos extendendo a rede de servizos ás parroquias, sen distinción co centro urbano, tamén en materia de medio ambiente”.

Nesta actuación, o Concello invertirá uns 31.800 euros procedentes do Fondo de Compensación Ambiental.

LENCERÍA - CORSETERÍA

Berencello

M^a FÉ SÁNCHEZ ASCARIZ



TEMOS AS MELLORES MARCAS E TÓDALAS TALLAS

·FELINA
·ORI
·FREYA
·SELMARK

·ABANDERADO
·UDY
·SOY
·UNNO

GRAN SURTIDO EN PIXAMAS DE CABALEIRO, SEÑORA E NENOS

VISÍTENOS

RÚA DO CONVENTO, 2, MELIDE (A CORUÑA)

Hostaleiros locais estudan sufragar o custo do Noitebús

Manteñen contactos con varias empresas para seguir coas rutas actuais

Hostaleiros de Melide reuníronse recentemente para analizar as súas actuacións respecto da próxima supresión do servizo de Noitebús.

Convocados pola Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca), un grupo de propietarios de pubs e discotecas da vila analizaron os custos do servizo a través dos presupostos facilitados por diversas firmas que percorren as diversas rutas.

Actualmente, a Melide chegan cada noite de sábado dez rutas, procedentes de localidades tan dispares como Betan-

zos, Lugo, Friol, Taboada, Monterroso, Lalín, Vila de Cruces ou Arzúa, ademais de outra que percorre as aldeas do propio concello de Melide.

Segundo os datos recabados por Asetem-Cca tendo en conta as cifras facilitadas polas empresas de transporte, este servizo despraza a Melide unha media de 300 persoas cada sábado. A cifra aumenta considerablemente durante o verán e nas datas festivas coma o Nadal.

De acordo cos presupostos recabados pola presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, os hostaleiros amosáronse optimistas de cara a asumir os custos do servizo. De tódolos xeitos, os propietarios de pubs e discotecas decidiron recabar máis apoios entre outros establecementos hostaleiros da vila para que o custo individual sexa inferior e asumible para máis locais.

Apostaron por manter a práctica totalidade das rutas que hai actualmente e reestruturar traxectos para recoller pasaxeiros doutras vilas.

Este grupo de hostaleiros traballa contrarreloxo, posto que está previsto que o servizo se suspenda a partir de fin de ano, e queren que xa se retome para a primeira fin de semana de xaneiro.

Moción no pleno

No último pleno ordinario do Concello de Melide, o goberno local aprobou unha moción para instar á Xunta a que manteña o servizo do Noitebús. A concelleira de Mocidade, Anabel Ramos, indicou que o custo do servizo -4,5 millóns de euros- "é perfectamente asumible, porque non chega ó 0,5% do orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas".

Os mozos de Melide piden o fin da violencia machista



Os alumnos do IES de Melide conmemoraron o Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller con varios actos na Praza do Convento. Formaron a frase 'Nin unha +' sobre a praza e acenderon 64 velas en recordo das mulleres que faleceron vítimas da violencia de xénero no que vai ano.

PALLADIUM

WEEK-ENDS

STRIP TEASES
GO-GOS
DRAG-QUEENS

LAICUS
Violet Sensations
pub



pub **ZEROX**
melide

1200 m SALA

DJ S
RESIDENTES
120.000W

DISCOTECA palladium
melide

RESERVADO EL DERECHO DE ADMISION



Comezan as expropiacións no vial Melide-Ribadulla

Inícianse os traballos coa sinalización das zonas afectadas pola ampliación

Finalmente cumpliuse a palabra dada pola Deputación da Coruña e antes de que rematara o presente ano deron comezo as obras de mellora da estrada que une o núcleo urbano de Melide cos de Visan-toña e Ribadulla, no concello de Santiso.

Foi a finais de novembro cando se iniciaron os traballos de sinalización dos terreos que serán expropiados para proceder ó ensachamento e mellora da calzada, actuación que ten consignado un orzamento de 1,8 millóns de euros.

No Boletín Oficial da Pro-



O vial ten numerosos pasos estreitos

vincia (BOP), a Deputación fixo pública a urxente expropiación dos bens e dereitos afectados pola mellora do vial. No escrito convócase ós titulares dos terreos afectados polas ordes de expropiación ó levantamento das actas previas, que se levará a cabo os días 20 e 23 de decembro no Concello de Melide e 27 e 28 en Santiso.

Dúas décadas de espera

Os veciños dos núcleos polos que discorre a estrada ven máis preto que se faga realidade unha vella demanda, que levan reclamando dende hai máis de 20 anos.

Foron varias asociacións veciñais de Santiso as que convocaron unha manifestación para esixir o arranxo do vial.

Éxito do programa termal que ofrece o Concello de Sobrado



Piscina termal do balneario de Guitiriz (Lugo)

Unha vez ao mes, os maiores de Sobrado poden gozar das augas termais do balneario lucense de Guitiriz, grazas a un programa que habilitou o Concello de Sobrado con axuda da Deputación da Coruña.

O derradeiro martes de cada mes, un grupo de 35 persoas, acompañado por dous monitores, viaxa á localidade da Terra Chá para recibir os tra-

tamentos propios das instalacións termais.

O programa comezou en outubro e rematará o próximo mes de xuño de 2011.

As 35 prazas ofertadas quédanse curtas para dar cabida á demanda existente, o que denota o éxito da actividade. Nestes momentos xa están cubertas tódalas prazas e hai lista de agarda.

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

O carón do Ulla, sito entre dúas provincias, atoparedes un máxico muíño, cheo de mouchos, sapos, bruxas, demos, trasgos e diablos...

Cada fin de semana, todos participaremos na **Conxura** para quedar libres dos males da nosa alma e de todo **Embruxamento**.

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

Pechado os mércores, vispera de festivo non

Tlfs: 981 191 171 - 699 171 295

Barazón (Ponte Arcediago)

Santiso - A Coruña

Acompañádenos e oíredes o ruxido das bruxas que non poden deixar de queimarse na nosa augardente.

Se é verdade que tes máis poder ca humana xente atrebe a visitar

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

A túa pecadora lingua disfrutará dunha boa cociña galega

Aberto a partir das 11:00 h

Sinte a forza do ar, vento, mar e terra

MELIDE

Ponte Arcediago

Rio Ulla

AGOLADA

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

Os concellos da zona preparan numerosas actividades lúdicas para as datas de Nadal

A maioría de propostas están destinadas ao público infantil

Coa chegada do mes de decembro, os concellos da zona apuran a organización das actividades típicas de Nadal. O feito de que os cativos teñan vacacións nesta época fai que a maioría de propostas estean destinadas a este tipo de público que, ademais, é o que máis vive o espírito navideño.

Toques

As actividades comezarán o 21 de decembro, cun encontro interxeracional ó que asistirán os nenos de Preescolar na Casa e os maiores que asisten ás actividades de ximnasia e manualidades. Visitarán o Belén que se instalará a partir do día 10 na entrada do consistorio.

Ó día seguinte celebrarán a



Os Reis volverán desfilas polas vilas da bisbarra

Festa de Nadal, con música e xogos para tódolos públicos no pavillón polideportivo dende as 16.30 horas.

Tralo parón das primeiras datas festivas, comeza un campamento para nenos entre 5 a 12 anos, programados para os días 27, 28, 29 e 30 de decembro. A inscrición é gratuíta ata o día 23, no Concello.

Haberá un concerto de Ani-

novo, coa Banda de Brión, o día 2 de xaneiro e a típica cabalgata de Reis o día 5.

Santiso

Papá Noel sorprenderá ós alumnos dos dous colexios do concello o día 22. Levará agasallos e os pequenos entregaránlle as cartas para os Reis.

Do 27 ao 5 de xaneiro, os cativos poderán participar nun

obradoiro no que fabricarán eles mesmos as figuras do Nacemento e realizarán actividades musicais.

Para o día 5, á marxe da cabalgata de Reis, que se desprazará ós núcleos de Visantoña e Arcediago, o Concello prepara unha colaboración coa Asociación Banda Escola de Música de Visantoña para a representación dunha obra teatral. Ademais, barallan a idea de programar un concerto coa participación de varios grupos.

Sobrado

Os pequenos de Sobrado poderán gozar patinando sobre xeo o próximo 23 de decembro, no Coliseum da Coruña. Teñen que inscribirse antes do 17 de decembro no Concello, xa que só hai 50 prazas.

Do 27 ao 30 deste mes e os días 3, 4, 5 e 7 de xaneiro funcionará no edificio multiusos a Ludoteca de Nadal para os rapaces de 3 a 12 anos. Poderán asistir a obradoiros de cociña divertida, risoterapita ou facer

un círculo de xogos populares. A inscrición remata o 20 de decembro.

Ese mesmo día, o grupo de alumnos de piano actuará no CEIP Virxe do Portal ás 15.00.

Melide

O Concello de Melide volverá poñer en marcha o programa 'O Nadal na túa parroquia', a través do que se impartirán obradoiros para a elaboración de obxectos relacionados con esta época, como postais ou centros florais. Trátase de encontros interxeracionais nos locais sociais de cada unha das aldeas do concello, ós que poden asistir os maiores e cativos do rural.

Tamén se organizarán sesións de contacontos ou maxia para os máis pequenos nos centros sociais dalgunhas parroquias.

As datas concretas da programación de Nadal poderanse consultar na páxina www.concellodemelide.org nos próximos días.

Mesón-Pulpería
ALONGOS II
XORNADA DO COCIDO
TÓDOLOS MARTES

Cocido completo, viño da casa, tarta de castañas, café e chupito de orujo por 18 euros

Pulpo - Bacalao - Cocidos (por encarga)
 Entrecot de buei a pedra
 Purco Ibérico a grella.

Tfnos: 981 50 75 10 - Móvil: 615 36 00 09
 Avda. de Lugo, 22 - MELIDE (A Coruña)

a.contrapelo
ferrugueiros

Tfnos. reservas: 981 50 60 03 - 617 17 87 58
 Avda. de Lugo, 2-1º - 15800 MELIDE (A Coruña)
 E-mail: a.contrapelo@galicia.com

Un feliz e próspero ano, 2011
vos desexamos

MUXICA
TENDA XOVEN

SERVICIOS INMOBILIARIOS
 COMPRA - VENTA - ALQUILERES - COMUNIDADES - ADMINISTRACIÓN

BETTI
 ETI 0316

C/Romero Donallo, Nº1
 Entreplanta
 Tel. y Fax: 981 59 65 38
 15706 SANTIAGO de COMPOSTELA
<http://ipersonales.ya.com/inmobetli/>
 e-mail: BETTI1@terra.es

POR LA ALTA DEMANDA DE NUESTROS CLIENTES, NECESITAMOS QUE NOS CONFÍE SU VIVIENDA EN ALQUILER

O GDR que agrupa os concellos da zona inicia a súa actividade con máis dun ano de retraso

Asesorará a tramitación de proxectos para a dinamización no rural

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo (GDR-UTM23), no que están incluídos os catro concellos da comarca da Terra de Melide e no que tamén ten representación Asetem-Cca, comezou recentemente a súa actividade, despois de ter transcorrido máis dun ano dende a súa creación, en xuño de 2009. Os problemas administrativos e no seo da xunta directiva impediron o seu despegue.

O obxectivo do grupo é potenciar o desenvolvemento rural dos dez concellos que engloba -Arzúa, Boimorto, Curtis, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado dos Monxes, Toques, Touro e Vilasantar- mediante a potenciación de proxectos produtivos de diversificación e dinamización da economía do



O equipo técnico do GDR visitou Melide

rural e xeradores de emprego.

O GDR aínda non puxo en marcha ningunha actividade. Foi un dos tres grupos que tivo que presentarse á segunda convocatoria de constitución destas entidades -asinada en xuño de 2009-, o que supuxo un retraso de máis de seis meses respecto ás entidades que se formaron na primeira convocatoria.

O grupo está integrado, ademais de polos 10 concellos citados, por outras 120 entidades de diversa conside-

ración, como cooperativas ou asociacións de diversos tipos. Un dos requisitos para a formación do grupo é que o compoñente privado supere ó público.

O pasado mes de outubro, tivo lugar unha reunión no Pino -onde está ubicada a sede do GDR-, na que a anterior presidenta, Mari Carmen Furelos, presentou a súa dimisión. O cargo foi asumido polo actual alcalde de Santiso, Ovidio Leiva.

Dende ese momento, come-

zaron a traballar unha xerente e unha técnico, que están a realizar unha ronda de contactos nos concellos membros para difundir o programa de axudas.

Visita a Melide

Na súa visita ó concello melidense -onde están asociadas numerosas entidades-, as responsables do equipo técnico aclararon que esta entidade está dirixida á información e tramitación de proxectos, non á elaboración dos proxectos en si. Calquera particular pode presentar o seu proxecto, e o equipo técnico encargárase de asesoralo. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), encargada de avaliar os proxectos, prima os de carácter produtivo, sobre todo os que incidan na diversificación económica no rural, mediante a creación de Pemes e a xeración de postos de traballo.

O equipo técnico programou un encontro aberto a todo o público para o próximo 20 de xaneiro para explicar a tódolos interesados a dinámica de funcionamento do grupo.

Arranxo de dous viais en Toques con cargo ó POS 2011

O Concello de Toques aprobou no Pleno do pasado 25 de novembro o arranxo de dous viais con cargo ós fondos do Programa de Obras e Servizos (POS) da Deputación provincial para o 2011. Serán o Camiño de Penas, proxecto que inclúe a habilitación dun muro de contención en San Martiño, e ampliación do camiño de Villamor que foi reparado con cargo ós fondos do mesmo programa neste ano. O orzamento total das obras roza os 100.000 euros, dos que case 5.000 son aportado polo Concello. O goberno toquense destinará máis de 73.000 euros do POS a gastos correntes.

Colector para aceites usados
Toques xa conta co primeiro colector para a recollida de aceites usados. Está instalado na praza situada detrás da casa consistorial, no núcleo de Souto. Os usuarios deberán depositar o aceite usado en botellas de plástico.

Santin & Amo
Estética - Solarium

Santin & Amo
Estética - Solarium

Cantón de San Roque - Entorno de
15.800 MEHDE (A Coruña)
Telfs. 650 43 61 75 - 650 37 04 20
melmei@latinmail.com

**ASETEM-CCA agasalla
ós seus socios unha
memoria USB gratis**

Infórmate no 981506188

PRODUTOS ARTESANS DE CALIDADE
XEBRE

**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
Novas intalacións en
Rúa San Pedro, 16
Melide

Tenda Tiffax: 981505723
Queixería Tiffax: 981100252

Balada - Visantón
15809 Santiso
xebre@telefonica.net

**SERVICIO INTEGRAL DE
LIMPIEZA Y REFORMAS
A EMPRESAS Y
PARTICULARES**

**COMUNIDADES, OFICINAS,
LOCALES, COLEGIOS,
EDIFICIOS, NAVES
SERVICIO POR HORAS**

NOELIA

Servicio 24 horas
tlf: 693 826 868

Teléfonos
693 826 868 - Melide
661 765 606 - Santiago
limpiezayreformasnoelia@yahoo.es

Novo éxito de público da Semana da Música

Nesta edición rendeuse unha homenaxe a Eugenio Pazos Reyes

Actuaron once grupos, tres corais polifónicas e tres solistas da comarca



Os Melidaos nun momento da súa actuación



Acordeóns do grupo Herba Grileira

É a cita musical máis tradicional do calendario de inverno en Melide. A Semana da Música da Terra de Melide, organizada dende a Coral Polifónica da vila chegou á súa vixésimo primeira edición, dando boa mostra do talento musical co que contan as xentes da comarca.

A boa calidade das interpretacións da numerosas formacións da zona que actuaron na Igrexa Parroquial de Melide fixo que a resposta do público fose todo un éxito.

Nesta edición, a Semana da Música organizouse como homenaxe póstuma a Eugenio Pazos Reyes, o que fora director durante máis de catro décadas da Banda de Visantón (Santiso). "Viviou a música como xeito de cambiar o mundo e de facer máis felices aos demais". Con estas palabras de lembranza impresas nos carteis da programación da actividade musical recordábase ó profesional que formou de xeito altruísta a moitos dos

músicos da comarca.

Pese a todo, tanto os organizadores, como os músicos e o público quedaron cun lixeiro sabor amargo, xa que a formación musical de Visantón non puido ofrecer a súa tradicional actuación, feito que aconteceu por vez primeira nos vinteun anos de vida do certame musical.

Variedade de estilos

Durante as dúas últimas fins de semana de novembro, a igrexa de Melide acolleu as actuacións de 11 grupos, tres corais e tres intérpretes solistas.

A selección de participantes caracterízase pola variedade de estilos. Dende a música tradicional galega, pasando polas corais, os cantantes solistas ou a música relixiosa, ata a música clásica.

Como xa ven sendo habitual, no apartado de música tradicional actuaron A Maristela, de Sobrado, o grupo toquense Bingo Birón, Trimuíños, os gaiteiros Froito Novo e Abean-

cos e a escola de gaita e percusión Axóuxere de Melide.

A sorpresa desta edición puxérona os grupos Os Melidaos -que ofreceron varias pezas cantadas- e Herba Grileira, que colleitaron fortes aplausos entre o público. O grupo de guitarras e voces Troito tamén gustou moito entre o público.

Tamén había espectáculo por ver á cantante solista Patricia Méndez Asorey -actualmente participa nun concurso dun coñecido programa musical da TVG-, que actuou xunto co seu compañeiro Xoán Curros Vázquez. Irene Ruíz Carmuega puxo o peche ás interpretacións de solistas.

As corais da comarca estiveron representadas polas formacións Vía Sacra de Sobrado e a Polifónica de Santiso, ademais da de Melide, que coma tódolos anos foi a encargada de poñer o broche final ó certame, que edición tras edición consegue acumular máis seguidores.

manuel@transierra.es • autotransierra@yahoo.es • sierra@movistar.net

AUTO TRANSIERRA

TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

www.transierra.es

Parque Empresarial A Mediana
Pte. 73, 15.800. MELIDE (A CORUÑA)

Tel y Fax: 981 507 910
Movil: 610 523 450
610 523 451

SIERRA

AUTO-TRANSPORT

Servicio semanal desde GALICIA-ASTURIAS-PAÍS VASCO-MADRID-VALENCIA-BARCELONA A: FRANCIA-BÉLGICA-HOLANDA-LUXEMBURGO-ALEMANIA-SUIZA-ITALIA-AUSTRIA-PORTUGAL

CONSULTAR OTROS DESTINOS

EXPLOTACIONES FORESTALES

Ovidio Leiva Pereiro

Tfnos.: 981 51 77 36 - móvil: 608 58 74 47
Belmil, s/n - SANTISO (A Coruña)

Oro Ley

Taller Propio

Rúa de San Pedro, 14
15800 Melide (A Coruña)
Telf. 981 505 468

Escola Ayude, paixón polos deportes de combate

Conta con varios campeóns a nivel nacional no seu equipo

A academia imparte diversas disciplinas olímpicas

Falar da Escuela Ayude de Melide significa falar da elite dos deportes de combate.

Dende 1996, a academia leva formando deportistas nas especialidades de kick-boxing e loita olímpica, disciplinas nas que está federada nos organismos oficiais, tanto en Galicia como no ámbito estatal. Nestas dúas especialidades, conta con varios campeóns, galegos e nacionais.

O podio estatal da loita olímpica está actualmente ocupado por Cora Ayude. Algúns dos seus compañeiros de escola son os líderes da liga galega nesta disciplina.

No caso do kick-boxing é outro membro da saga Ayude, Aarón Ayude, o primeiro a nivel nacional.

Outro dos deportistas máis destacados do equipo é Bruno Agra García, que actualmente disfruta dunha beca no Centro de Tecnificación de Pontevedra, onde se forman os deportistas de elite galegos. Xa foron varios os integrantes da escola que gozaron de estancias curtas neste centro, onde fortalecen os valores da disciplina ou o xogo limpo.

A escola está dirixida dende a súa orixe por José Ayude,



Os rapaces da zona anímanse a practicar deportes de combate

que sempre foi un destacado deportista de primeira liña. Formouse xogando nos equipos de hockey do Liceo e Dominicos, da Coruña.

Na actualidade, ademais da labor que exerce como director da escola, é o seleccionador galego na especialidade de kick-boxing.

Ayude asegura que unha das cousas das que máis orgulloso se sente é "o poder transmitir os meus coñecementos a todos os alumnos e, sobre todo, facelo a través de deportes que aportan respecto e seguridade nun mesmo".

A mellor demostración do seu bo traballo son os numerosos cativos que forman parte dos distintos equipos que ten a escola, que conseguiu ter presenza nos campionatos máis destacados dos deportes de combate.

Xuntanzas de loita olímpica

A Escola Ayude leva organizado varias xuntanzas de deportes de combate, que teñen convertido a Melide no referente destas disciplinas.

Nestes encontros participa-

ron loitadores de todas as idades e procedentes de concellos veciños coma Palas de rei, Santiso, Boqueixón, Touro, Vila de Cruces e Lalín.

Á marxe dos deportes olímpicos, esta academia tamén organiza cursos de defensa persoal, incluso adaptados especificamente para os corpos policiais.

Para completar a oferta de disciplinas de orixe oriental, a Escola Ayude ofrece clases de tai-chi, que combina o desenvolvemento físico coa meditación.



A Escola Ayude ten varios campeóns de kick-boxing



O palmarés da Escola Ayude aumenta ano tras ano



*Novas
instalacións
en Melide*

Tfno.: 981 505 376
Rda. de Pontevedra, 23 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 500 383
Rúa Padre Pardo, 49 - 15810 ARZÚA (A Coruña)



**PAVIMENTOS
Melide, S.C.**

• Recrecido de suelos para poner plaqueta y madera.
• Hormigón pulido.

Tfno.: 648 586 448 - 617 480 085
C/. Uruguay, 19. 1º. 15800 MELIDE (A Coruña)

ESPECIAL XACOBEO 2010

Voluntarios e ecoloxistas recuperan un treito do Camiño Primitivo en Toques

Denuncian a apertura artificial dunha pista que se afasta do trazado real

Un grupo duns 40 voluntarios convocados polo Foro do Camiño Primitivo e a asociación ecoloxista Adega traballaron recentemente na recuperación dun tramo do Camiño Primitivo ó seu paso polo concello de Toques.

Entre as aldeas de Villamor e Vilouriz atópase a Pena Ferrada. Unha rocha cuxo nome fai referencia á lenda que di que o cabalo branco de Santiago deixou a súa pegada de ferro impresa nela. Atópase en plena ruta primitiva, pero que actualmente está cuberta pola maleza debido ó desvío artificial do trazado.

O tramo da traza histórica no que traballaron os voluntarios exténdese dende as inmediacións da Pena Ferrada, próxima ó núcleo de Vilouriz, ata a Ponte Xancabo, en Villa-



Voluntarios observan a Pena Ferrada



Mapa da traza histórica e o desvío artificial

mor. Debaixo deste trazado discorre unha antiga calzada romana.

Os voluntarios afanáronse na limpeza do traxecto, rozando a maleza e sinalizándoo. Chegar ata a Pena Ferrada foi complicado ó atoparse con diversos obstáculos como unha cancela metálica e varios baldos que, presumiblemente postos polos propietarios dos terreos, disuadiron o camiñar dos peregrinos pola zona. O responsable de Adega Alto Ulla, Marcial Barral, avanza que nos próximos meses volverán á zona para rematar esta actuación.

O tramo artificial, que foi creado hai aproximadamente unha década co amparo do anterior goberno toquense, dá un rodeo duns 700 metros. Barral asegura que “carece de sentido” e denuncia que este ano o Xacobeo financiou melloras nesta pista de terra.

“Quixemos facer unha chamada de atención á Administración para que mantenga o rigor histórico nas súas actuacións”, incide Barral, “xa que hai que recuperar os itinerarios históricos”.

A chegada de peregrinos redúcese, pero non cesa

As duras condicións climáticas que comeza a soportar a comunidade galega fan mella no número de peregrinos que deciden percorrer os camiños que levan a Compostela.

O pasado mes de novembro, o número de camiñantes que pasaron pola vila de Melide -a través do Camiño Francés e do Primitivo- reduciuse en máis dun 66% con respecto ós do mes de outubro. Segundo os datos da Oficina do Peregrino, pasaron de 20.355 en outubro a tan só 6.730 en novembro.

De tódolos xeitos, o número de camiñantes segue a ser elevado con respecto a anos anteriores. En relación co último Ano Santo, o 2004, as cifras actuais de peregrinos supoñen case o dobre que as do mesmo mes de hai seis anos, cando só chegaran 3.610.

Cada día de novembro selaron a súa Compostela unha media de 90 persoas, das que máis do 73% pasaron por terras de Melide e da súa comarca ó escoller as rutas francesa e primitiva.



*Compra ya
tu traje para
estas fiestas*

KAREN

**Tu Tienda de
Confianza
en Ropa de Fiesta**

Tfno.: 981 505 591
Rúa Folicheiro, nº 1 - MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 986 781 475
Avda. Buenos Aires, nº 12 LALIN



Tablas Racións Almorzos
**Os fins de semana achégate
a tomar unha copa e disfrutar
da boa música!**

Balances dun ano de “oportunidades”

Santiago Prado Conde (Chago)
Antropólogo



Está rematando o ano e con el o Xacobeo. É tempo, polo tanto, de comezar a facer balance dun evento que se ofertou como unha estratexia de desenvolvemento para o país. Cos “asistentes”, quizais máis dos esperados, chegaron cartos -hoxe gratis xa non existen nin os albergues- aínda que algúns digan que viñan sen un “peso” e para outros o ano foi “redondo”.

Se nos fixamos na relevancia internacional, tamén é certo que a visita de Bieito puxo a Compostela no cerne, logrouse publicidade en todos os continentes pero, sen embargo, as periferias, é dicir, o resto do país, quedou nun segundo plano ou na subalternidade, polo que teño dúbidas de que alén de Compostela a visita fose tan beneficiosa para o país.

Os balances institucionais atégannos diariamente de informacións positivas, sen a máis mínima autocrítica co fin de aprender para o futuro, indicando que os petos se encheron, que a publicidade foi boa e que debido a estes elementos e á maxia que envolve aos Camiños, as visitas marcaron rexistros históricos.

Sen negar ditos balances, porque tampouco se fixeron aínda públicos os reais, o meu humilde pensamento non deixa de cavilar e indicarme que se perderon oportunidades, de entre tantas xa, para colocar á nosa terra no centro. O Xacobeo vendéronnolo como un produto de consumo pensado para o país e focali-

zado no Camiño e no éxtase final que supón a cidade de Compostela, a pesares de que dita idea non case ben co repetido slogan “Agora é cando, Galicia é onde”.

Como poden denotar das miñas verbas, o meu balance sitúase no lado máis negativo porque unicamente se enxalzaron os termos espectáculo, espiritualidade e lecer, cando, dende a miña óptica e para que os Camiños supoñan unha estratexia económica significativa, as verbas deberan xirar ao redor do vocablo desenvolvemento, para o país.

Os Camiños como estratexia económica deixan de lado outras terras adxacentes e non supoñen máis riqueza que tres ou catro meses ao ano, a pesares de que este ano o efecto chamada do Xacobeo permítise alongar un par de meses máis.

Onde situamos entón aos Camiños como estratexia de desenvolvemento económico pensada particularmente para as comunidades por onde transcorre e para o país en xeral? Esta interrogante débese a que non existe unha estratexia pensada en global e focalizada nas pequenas comunidades, principalmente nas nosas terras do interior que seguen agonizando debido ao éxodo rural e tamén vilego nos últimos anos.

Polo tanto, permítanme expresar que outro Camiño é posible, é dicir, aquel que non focalice exclusivamente nunha soa estratexia, senón que sexa quen de traballar en rede cos

distintos produtos que podemos pór en valor. Non deixo de preguntarme, só a modo de exemplo entre outros moitos produtos, como pode pasar un visitante pola nosa Terra de Melide e non coñecer que temos un queixo cunha calidade extraordinaria e con múltiples galardóns?; como non se coñece e demanda a tenreira galega cando é unha das máis afamadas de Europa?; como pasan desapercibidos os excelentes produtos da horta do interior galego?; como non coñecen os nosos visitantes que neste país tradición e modernidade conviven nunha perfecta simbiose e incluso se fusionan dando lugar a performances e a músicas que son recoñecidas en moitos lugares do mundo e miradas moi positivamente pola súa riqueza creativa e cultural?

Co Xacobeo os visitantes multiplicáronse con respecto a outros anos e perdeuse a oportunidade de presentar ao país en conxunto como un produto dinámico, cultural, intelixente, moderno... Podería seguir e seguro que nunca remataría, e a mágoa é que as administracións non foron quen de xerar unha estratexia en conxunto e deixarse de individualidades.

A nosa historia recente tenenos ensinado que o país dos cortellos o único que continúa a xerar é o éxodo de centos de miles de galegos da súa terra como estratexia económica e, sinceramente, non é nin a mellor nin a máis significativa das estratexias para as oportunidades das persoas.

Reflexións sobre a sentenza absolutoria polos verquidos de purín no río Catasol

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



Tal vez moitos dos nosos asociados e da opinión pública xa esqueceron o tema. Fagamos un recordatorio secuencial do acontecido:

1.-O día 11 de setembro de 2007 a Asociación de Troiteiros “Río Furelos” denuncia o vertido de zurro ao río Catasol, e descóbrese que se trata dunha tubaxe que por medio dunha bomba aliviaba unha balsa de zurro da explotación porcina “Porcícula Transmundi S.L.” que acababa de verter directamente ao río. No seu día espallamos fotos que non deixaban lugar a dúbidas.

2.-Como consecuencia do vertido, membros da Asociación de Troiteiros levan a cabo durante os días seguintes as tarefas de extracción de 2.643 troitas mortas, supervisando este labor a gardería de Medio Ambiente. ¿Onde van as 1.400 troitas que faltan da denuncia?

3.-Técnicos de Medio Ambiente analizan a auga do río e comprobán que na zona do verquido a concentración de osíxeno é moi inferior a 6mg/litro, o mínimo para garantir a vida animal.

4.-O 20 de outubro de 2009 celébrase a vista oral, na que todos estes feitos se dan por probados e ningún dos dous acusados foi quen de rebatelos. Pero para asombro de todos, resultaron absoltos.

Sempre hai unha porta falsa. Segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, no caso da existencia dun informe pericial, este ten que ser explicado e defendido polos

técnicos que o levaron a cabo. Pois ben, na vista oral celebrada en outubro de 2009, ningún dos dous expertos que elaboraron o informe se presentou no xuízo. Tratábase de D. Juan José Fernández Rilo, xefe de sección de Calidade e Dna. María Jesús Lorenzo Lorenzo, Técnico Superior Especialista (ambos da Consellaría de Medio Ambiente).

De nada valeu o recurso presentado posteriormente, porque no xuízo celebrado en maio de 2010 o xuíz declarou que a absolución é axustada a dereito e estaba ben argumentada, dado que os informes oficiais presentados non foran defendidos no primeiro xuízo polos técnicos que o asinaron.

En definitiva, un defecto de forma no xuízo, deixou impune un flagrante delito que neste caso tiña nomes e apelidos. E agora as preguntas xorden coma un chafariz: Por que ningún dos dous especialistas se presentou no xuízo? Trátándose de informes necesarios para que o xuíz tomase unha decisión fundamentada, por que non se suspendeu a vista ata contar coa presenza dos devanditos técnicos? Sendo traballadores ou funcionarios públicos, poden eludir impunemente as súas obrigas? Todo isto foi amañado por detrás?

Deixémolo en preguntas retóricas, porque respondelas sería un insulto á intelixencia dos nosos lectores e socios. Despois de que cada quen formule as súas respostas, nós só engadimos... así nos vai!

Parte da nosa riqueza forestal en perigo

Xosé Núñez López



Vista do Coto do Piñeiro, na parroquia de Visantoña

Declarado polas Nacións Unidas, este ano 2010, 'Ano Internacional de la Diversidad Biológica', propóñome chamar a atención de "quen corresponda", para dar o sinal de alarma, sobre un feito que -na miña opinión- debería ser obxecto de preocupación para as autoridades chamadas a intervir.

Trátase dunha especie de praga que está afectando perigosamente a riqueza arbórea forestal do eucalipto, que poboas grandes extensións dos nosos montes, cuxa lamentable perspectiva é a que nos amosa esta fotografía, no 'Coto do Piñeiro' da parroquia de Visantoña, que quere ser só unha proba de cómo se atopan a maioría dos eucaliptos desta e doutras parroquias da comarca, que eu coñezo.

No libro 'Historia dunha parroquia do interior rural galego' aparecido no ano 2008, do cal son autor, xa explicaba como fai uns 70 anos que, de maneira insospeitada, comezan a ser invadidos os nosos montes por cantidades extraordinarias de eucaliptos.

Tamén dicía entón, como o eucalipto pasou de Francia a España, aínda que o seu país de orixe é Australia, e como axiña pasou de ser esta árbore mimada e aprezada, a ter os seus detractores, dada a súa proliferación automática, in-

vadindo zonas onde deixa eliminadas outras especies, dada a súa densidade.

De todas maneiras, os que desexan a desaparición total dos eucaliptos, polo xeral trátase de persoas que, por non ter importantes extensións de monte, ou non os ter poboados de eucaliptos, non tiveron ocasión de comercializar o produto, porque sen ningunha dúbida, o eucalipto proporcionou importantes contías de diñeiro a moitos labregos nos derradeiros anos.

Falo nun parágrafo anterior dos detractores que ten o eucalipto, sumándose a estes recentemente da Xunta de Galicia, como o reza o contido dun artigo xornalístico titulado 'Guerra ao eucalipto' por considerar necesario reorganizar a actividade forestal, dando as costas a esta especie, como asimesmo a determinadas variedades do pino chamado "pino de fóra" para substituílas por frondosas caducifolias, máis respetuosas co ecosistema, de maior potencial produtivo e máis resistentes ó lume e a súa propagación.

En canto á reorientación forestal, coa finalidade de situar a produción de madeira do eucalipto e do chamado "pino de fóra", en lugares onde non perxudiquen as especies autóctonas, estou totalmente de

acordo. Pero non co de un maior potencial produtivo, como tampouco o estarán os labregos que levan anos sacándolle moitos cartiños aos seus eucaliptos, que medraron en poucos anos.

Por iso penso que non se pode demonizar sen máis a "praga", como algúns califican a proliferación do eucalipto. Hai que regularlos, ubicándoos en montes illados das poboacións ou onde non se produzan especies autóctonas, tales como castiñeiros, pinos do país, carballos, nogais, ameñeiros...

Sexa por causas climáticas, por contaminación atmosférica ou por enfermidades causadas por actores biolóxicos, os eucaliptais -ao menos nesta zona- están en perigo de extinción.

¿Onde están as autoridades chamadas á procura da conservación da natureza? ¿Onde están os "Verdes", tan activos, por outra banda, politicamente? Porque nestes intres, ninguén fai nada, que eu saiba, para intentar salvar os nosos eucaliptais?

Nin sequera teño ouvido falar en ningún medio de comunicación deste grave problema, que non se limita ao aspecto económico, senón ao que aínda é máis importante, tal que a influencia medioambiental.

As noitiñas de Nadal

Cantiga



As noitiñas de Nadale
por ser noites de alegría
camiñando vai Xosé
e maila Virxe María.
Camiñan para Belén
a Belén levan a guía.
Camiñan para Belén
ó fin de chegar con día.
Cando a Belén chegaron
toda a xente durmía.
As portas estaban cerradas
o porteiro non abría.
-Abre as portas porteiro
a Xosé e máis María
-Estas portas non se abren
mentras que non se abra o día

Despois de ser descortés
ten moi pouca cortesía
atreveuse a preguntare
cando a Virxe paría.
Nin pare para esta noite
nin pare para a que viña
cando foi a media noite
a Virxe parido tiña.

Trouxo un neno tan fermoso
que ó mundo resplandecía
tanta era a súa pobreza
que nin un pano ela tiña.

Botou as mans á cabeza
dunha cofia que traía
fixo dela tres anacos
con un a Cristo envolvía.
Baixou un anxo do ceo
lindos panos el traía.
Uns eran de Holanda
outros de Holanda máis fina.
Subiu o anxo para o ceo
cantando o 'Ave María'.
Preguntoulle o Rei do Ceo
como queda a parida?
A parida ben lle queda
no pesebre recollida
cuberta con panos de ouro
bordados en prata fina.

Todo esto non é nada
ó que a Virxe merecía
se subira para o ceo
outros alí ela tiña

Quédense con Deus señores
até o ano que volvamos
se para o ano non volvemos
que no ceo nos vexamos.

Carpintería

A. LAYA

Rúa Palas de Rei, 8-15800 Melide
Tfnos: 981 505 283 - 670 662 947

22 Axenda

Cerne 60. Dezembro 2010

AXENDA DECEMBRO - XANEIRO

-luns 6: Noites de Humor, con Luis Zahera e Manuel Manquiña. Ás 22 horas na Sala 600 de Melide. Entrada anticipada 10€, en taquilla 12€.

-xoves 9: curso de cociña para homes. Tódolos xoves ás 20.00 horas no Concello de Melide.

-venres 10: Ith (grupo local de rock). Ás 00.30 horas na Sala 600 de Melide. Entrada 5€ + cd de regalo.

-actividades de Nadal en Melide, Santiso, Sobrado e
Toques: consultar páxina 15

-mércores 5 de xaneiro: cabalgata de Reis nos concellos da comarca.

-venres 7 de xaneiro: comezo das rebaixas

-luns 10 de xaneiro: extracción dos números premiados da campaña de Nadal de Asetem-Cca. Sede da asociación (rúa Lino Sexto, Melide) ás 21.00 horas.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45,
22.30

(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
20.20

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados: 10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55,
19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

TOQUES - MELIDE
(Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

MELIDE - TOQUES
(Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30
Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS

UrxenciasSanitarias	061
Bombeiros	080
Incendios Forestais	085
Policía Municipal	
Urxencias	092
Melide	981505003
Policía Nacional	091
Garda Civil	
Urxencias	062
Melide	981505007
S.O.S	
S.O.S Galicia	112
Protec.Civil.	670498848

SERVIZOS E INSTITUCIÓN

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

TRANSPORTES

RENFE	Nacional	902240202
	Santiago	981596050
Autobuses	A Coruña	981239099
	Santiago	981542416
Aeropertos	A Coruña.	981187200
	Santiago	981547500
	Vigo	986268200

MELIDE

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Centro Ocupacional	981505003

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

ANA MIRÁS, PANADERÍA - PASTELERÍA TOQUES

“Os postres típicos e con produtos de tempada son a nosa especialidade”

O espírito emprendedor de tres veciños de Toques levounos a instalar o seu propio negocio no seu concello. Hai dous anos e medio abriron a Panadería-Pastelería Toques en Souto, que actualmente dá traballo a seis persoas, e ó pouco tempo abriron un despacho en Melide. O pasado mes de

abril trasladáronse a outro local da vila e diversificaron o negocio. Á marxe do pan, traballan todo tipo de empanadas por encarga, asan polos e elaboran doces tradicionais. Denuncian a competencia que supón a venda de pan nos grandes supermercados para as panaderías tradicionais.

-Abrir o seu negocio foi un xeito de fomentar o emprego no seu concello

-A idea naceu dun grupo amigos que pensamos en crear un negocio en Toques, porque ata daquela non había ningunha industria nin comercio. Era unha alternativa para o pobo e tamén se creaban postos de traballo. José Manuel, César e Antonio asociáronse para montar a panadería.

-Decidíronse por montar unha panadería, aínda que ningún tiña experiencia neste campo

-Partimos totalmente de cero. Tivemos moita sorte porque tivemos ó noso lado persoas que nos orientaron moi ben. Ademais, os panadeiros son profesionais.

-Como evolucionou o negocio dende aquela?

-Comezamos nun momento crítico. Instalámonos en xullo de 2008, cando xa se percibía a crise. Ó mes abrimos o despacho en Melide, e trasladámonos esta tenda para a actual ubicación en abril deste ano. Podemos dicir que nos mantemos, que é a nosa prioridade para os tempos que corren.

-O pan é un alimento básico. Que ten de especial o que elaboran?

-Facemos un pan moreno, que leva bastante trigo do país. É totalmente artesán e aguanta para o día seguinte. Ten un sabor característico. Estamos intentando melloralo aínda máis.

-Na actual tenda de Melide optaron por diversificar o negocio

-Si, traballamos máis produtos, coma as empanadas. Tamén montamos unha cafetería



Ana Mirás nas instalacións que a panadería ten na Avenida de Lugo de Melide

tería e puxemos un asador de polos, que está funcionando moi ben. En tempada alta asamos tódolos días e agora facémolos por encarga. Hai que adaptarse ós tempos e ó que demanda a clientela e ofrecer distintos produtos.

-Como está resultando a cafetería?

-Damos moitos almorzos na época alta dos peregrinos e servimos moitos cafés a primeira hora da mañá e a media tarde.

-Ofrecen unha ampla gama de empanadas por encarga

-Facémolas de bacallao con pasas, carne, polo, polo con setas, atún, zamburiñas, mexilóns, panceta con queixo, lomo con queixo... Estamos en ne-

gociacións para vendelas fóra de Galicia. Aínda é un proxecto, pero esperamos que poida facerse realidade a comezos do ano que vén.

-As súas especialidades son os postres

-Si, somos especialistas na elaboración dos postres típicos e de tempada. Agora mesmo facemos unha tarta de queixo con castañas que é única na zona. No Nadal ten moi boa aceptación o noso roscón de Reis e no Antroido as filloas e orellas. Estes postres son a nosa prioridade, pero tamén traballamos a tarta milfolas e as tartas de San Marcos ou semifráis. De todo elo encárgase a nosa pasteira Rosa, unha excelente profesional.

-Traballan os doces típi-

cos de Melide?

-Os nosos melindres, ricos e amendoados teñen moi boa saída. Son produtos que se venden moi ben.

-Fan reparto diario polas aldeas?

-Si, nas parroquias de Toques e nos bares de Melide.

-Unha vez á semana tamén levan os seus produtos ata A Coruña

-Traballamos con despachos particulares ós que servimos tódolos xoves. Levamos pan, empanadas e doces da zona. Tamén estamos intentando abrir camiño na zona de Santiago, onde en principio repartiremos o noso pan.

-Os seus produtos tamén poden atoparse en feiras

“Diversificamos o negocio coa instalación dun asador de polos e unha cafetería para adaptarnos á demanda”

“É imposible competir cos prezos dos supermercados. Tiraron polo chan o negocio das panaderías”

gastronómicas

-Asistimos ós certames gastronómicos da zona. Estivemos na do Pan de Friol e do Queixo de Arzúa. Son unha boa maneira de darse a coñecer. Agora temos clientela deses sitios.

-Aféctalles a venda de pan e produtos derivados nos grandes supermercados?

-A venda de pan nos supermercados tirou polo chan o negocio das panaderías. Está sendo a ruína das despachos tradicionais, porque é imposible competir cos seus prezos. Hoxe en día, moitas persoas non miran tanto a calidade do pan, senón o seu prezo e estas cadeas utilízano como reclamo. Perden cartos no pan, pero logo gañan noutros produtos.

LOTERÍA DO SAN ROQUE



LOTERÍAS Y APUESTAS DEL ESTADO

83290
OCHO TRES DOS NUEVE CERO

LOTERÍA NACIONAL
Décima parte del billete
para el sorteo del día
22 de diciembre de 2010
EL DIRECTOR GENERAL

102/10
109^a
SERIE

5^a
FRACCIÓN

PRECIO
20
EUROS

«NAVIDAD»
Adoración de los pastores. Retablo de San Juan Bautista. Escuela flamenca, siglo XV. Parroquia del Stmo. Salvador, Valladolid.

5102005109>0832902568

Fagamos unha gran festa!

Merca o teu décimo no estanco ou en calquera bar, cafetería ou restaurante de Melide.

Non quedes sen o número da sorte!